

REGULAMENTO TRAIL POZO DO DEMO

29 DE MARZO DE 2029

VERÍN - VILARDEVÓS

1. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición no **Trail Pozo do Demo 2026** implica a aceptación íntegra do presente regulamento. Todas as persoas participantes comprométese a coñecer e respectar as normas aquí establecidas, así como as indicacións da organización durante o desenvolvemento da proba.

En caso de dúbida na interpretación de calquera apartado, prevalecerá sempre o criterio da Organización.

2. DATA E LUGAR

O **Trail Pozo do Demo** celebrarase o **domingo 29 de marzo de 2026**, desenvolvéndose polos montes dos concellos de **Verín e Vilardevós (Ourense)**.

A proba terá:

- **Saída:** ás **09:30 h** dende o **Balneario de Cabreiroá**
- **Meta:** nas **instalacións do Pavillón Municipal de Deportes de Verín**

3. MODALIDADE E DISTANCIA

A proba contará cun **único percorrido competitivo de 15 quilómetros**. O trazado discorrerá por camiños forestais, sendeiros e tramos naturais de montaña, con desnivel acumulado propio dunha carreira de trail running.

4. PERCORRIDO

O percorrido estará debidamente sinalizado mediante cintas, frechas e persoal da organización.

Será obrigatorio seguir en todo momento o trazado oficial marcado. Calquera atallo, modificación voluntaria do itinerario ou saída do percorrido suporá a **descualificación inmediata**.

A organización poderá modificar o trazado por causas meteorolóxicas, de seguridade ou ambientais.

5. PARTICIPACIÓN

Poderá participar calquera persoa que:

- teña cumpridos **18 anos** o día da proba
- se atope en condición física axeitada para afrontar unha carreira de montaña
- formalice correctamente a inscrición

Non se permitirá a participación baixo os efectos do alcol ou drogas.

6. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse **exclusivamente** a través dos seguintes medios oficiais:

- **Plataforma Sportmaniacs**
- **Aplicación Saudeter**

Este será o único proceso de venda válido. A organización non aceptará inscricións por outros medios nin o mesmo día da proba. A inscrición é persoal e intransferible.

7. DORSAIS E CHIP

O uso de dorsal visible e chip será obrigatorio durante toda a proba.

Recollida de dorsais:

28.03.2026 - Multisport Verín (Rúa Irmáns Moreno, 19 – Verín)
De **17:00 h a 20:00 h**

29.03.2026 - Pavillón Municipal de Deportes de Verín
Dende as **08:00 h**

Será imprescindible presentar documento identificativo para a recollida do dorsal.

8. AVITUALLAMENTOS

A organización habilitará:

- Km 4: avituallamento líquido
- Km 7: avituallamento sólido e líquido
- Avituallamento final na zona de meta

A organización reservase a posibilidade de reforzar con algún avituallamento líquido a maiores dos contemplados si a climatoloxía así o require.

Está prohibido recibir axuda externa fóra dos puntos autorizados.

9. CLASIFICACIÓN

A clasificación realizarase segundo os tempos rexistrados polo sistema oficial de cronometraxe.

A clasificación establecerase por categorías masculina e feminina, diferenciándose entre:

- Categoría Sénior / Absoluta, para persoas nadas entre os anos 1981 e 2008.
- Categoría Máster, para persoas nadas no ano 1980 ou anteriores.

Para o establecemento das categorías terase en conta o ano de nacemento, independentemente da data de aniversario.

10. SEGURIDADE E ASISTENCIA SANITARIA

A proba contará cun dispositivo de seguridade e asistencia sanitaria durante todo o percorrido.

Os participantes deberán seguir en todo momento as indicacións do persoal da organización, voluntariado e servizos médicos.

11. ABANDONO

Todo participante que decida abandonar deberá comunicalo obrigatoriamente a un punto de control ou á organización, co obxectivo de garantir a súa seguridade.

12. COMPROMISO CO MEDIO AMBIENTE

O Trail Pozo do Demo discorre por espazos naturais de alto valor ambiental. O incumprimento destas normas poderá supoñer a descualificación.

Queda terminantemente prohibido:

- Tirar residuos durante o percorrido
- Abandonar envases, xeles ou botellas
- Danar a contorna natural
- Alterar a sinalización

13. DESCUALIFICACIÓN

Serán motivos de descualificación, entre outros:

- Non respectar o percorrido oficial
- Recibir axuda externa non autorizada
- Comportamento antideportivo
- Falta de respecto a participantes, voluntariado ou organización
- Incumprimento do presente regulamento

14. SEGUROS

A organización contará cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes para as persoas participantes

15. SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización poderá modificar horarios, percorrido ou suspender a proba por causas meteorolóxicas adversas, seguridade ou forza maior, sen que isto implique dereito á devolución da inscrición.

16. DEREITOS DE IMAXE E PROTECCIÓN DE DATOS

A inscrición implica a autorización para o uso de imaxes tomadas durante o evento con fins informativos e promocionais.

Os datos persoais serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos.

17. ACEPTACIÓN FINAL

A participación no **Trail Pozo do Demo 2026** implica a aceptación total do presente regulamento.